

# NORMAS DE XESTIÓN PARA ALOXAMENTO DE CONGRESOS NO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS DA USC

Aprobadas polo Consello de Goberno o 30 de marzo de 2005

*O Servizo Universitario de Residencias (SUR) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) é un Servizo cunha acreditación avalada pola confianza e satisfacción que amosan os seus usuarios. A situación xeográfica, as instalacións de que dispón e os servizos adicionais que se ofrecen (cafeterías, comedores, bibliotecas, salas de informática con internet, etc...) son boa mostra da vontade institucional de consolidar, aínda máis, o SUR como un servizo de calidade para beneficio dos individuos e de toda a colectividade universitaria.*

*Malia a todo, queremos avanzar na mellora da eficacia cunha xestión responsable da ocupabilidade dos Centros. É por iso que pedimos a todos os sectores implicados neste proceso a súa colaboración no cumprimento das presentes normas:*

**1.** O/A responsable da organización do Congreso ou persoa en quen delegue, solicitará a reserva de prazas mediante o modelo que aprobe a Vicerreitoría de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria, que deberá cumprimentar en todos os seus apartados, e enviarao á dirección de correo electrónico que figure no mesmo.

Cunha antelación non superior a doce meses á realización do Congreso, poderán solicitarse ata un **máximo de reserva de 200 prazas**. As solicitudes excepcionais, que excedan dese máximo da reserva antes indicada, serán analizadas pola Vicerreitoría de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria.

**2.** Recibidas as solicitudes, e tamén mediante correo electrónico, a Sección de Servizos á Comunidade Universitaria (en adiante a Sección), do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, comunicarlle ao/á solicitante, **en que centros do SUR se lle fixo a reserva para os congresistas**, tendo sempre en conta as preferencias de centros amosadas e a dispoñibilidade de prazas.

**3.** O/A responsable do Congreso ou persoa en quen delegue, poderá realizar modificacións no número das reservas feitas inicialmente, ata **dous meses antes no caso de congresos propios** e de **tres nos alleos**, da ocupación das prazas.

**As prazas non anuladas neste prazo constituirán a reserva firme**. Nese momento a Sección notificaralle o/a responsable ou persoa en quen delegue, o custo que supón o **25 por 100 do total do aloxamento** cuxo importe, para poder proceder elevar a definitiva a reserva, **deberá aboar no prazo de 7 días desde a notificación** mediante:

a. Folla de pedimento

b. En Caixa Galicia por medio do impreso normalizado ao efecto, dispoñible nas residencias, colexios maiores e no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado

c. Transferencia bancaria á conta desta Universidade nº 2091 0388 98 3110001172 de Caixa Galicia, Oficina Principal, Santiago de Compostela.

Os xustificantes de pago enviaranse a:

Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado

Sección de Servizos á Comunidade Universitaria

Pavillón Estudantil - Campus Sur

15782-Santiago de Compostela

Recibido o xustificante de pago comunicaráselle ao/á responsable do Congreso ou persoa en quen delegue de forma definitiva, en que centros do SUR se aloxaran os congresistas.

De non recibirse o dito xustificante no prazo deses 7 días, entenderase que se renuncia á petición efectuada.

**4.** Cun mínimo de **dez días de antelación á celebración do Congreso**, se son congresos propios da USC, e **dun mes**, se son congresos alleos, deberán remitir á Sección, o xustificante de ter aboado o **75 por 100 restante** do importe total e o listado dos asistentes cos centros asignados a cada un.

Neste momento, e sin que supoña ningún custo, **admitirase unha anulación dun 10 por 100** das prazas que constituíron a reserva firme, o resto aboaranse integramente sexan ou non ocupadas.

O pago será efectuado sempre polo/a responsable do Congreso emitíndose unha única factura.

**5.** Os prezos, que como norma xeral serán revisados anualmente, son os que figuran como **Anexo I** a estas normas

## ANEXO I

### PREZOS DE ALOXAMENTO NO SUR PARA CONGRESOS

ANO 2005

#### 1. PREZOS DE CUARTOS INDIVIDUAIS E DOBRES POR DÍA

Cuarto individual	Cuarto dobre
25€	40€

A estes prezos hai que engadirlle o 7% do IVE

#### 2. PREZOS DE APARTAMENTOS.

Os apartamentos están ubicados na Residencia Universitaria Burgo das Nacións.

##### Características:

Todos teñen os seguintes servizos: cuarto de baño, salón con cama supletoria, cociña, TV, microondas, neveira e menaxe.

Dous apartamentos pequenos: un cuarto con dúas camas individuais,

Catro apartamentos medianos: un cuarto cunha cama de matrimonio e outro cunha cama individual e,

Tres apartamentos grandes: un cuarto cunha cama de matrimonio e outro con dúas camas individuais.

Nos seguintes cadros calcúlase os prezos por día

PREZOS PARA OS APARTAMENTOS PEQUENOS					
1 DIA	44 €	11 DIAS	453,20 €	21 DIAS	580,80 €
2 DIAS	88 €	12 DIAS	466,40 €	22 DIAS	589,60 €
3 DIAS	132 €	13 DIAS	479,60 €	23 DIAS	598,40 €
4 DIAS	176 €	14 DIAS	492,80 €	24 DIAS	607,20 €
5 DIAS	220 €	15 DIAS	506,00 €	25 DIAS	616,00 €
6 DIAS	264 €	16 DIAS	519,20 €	26 DIAS	624,80 €
7 DIAS	308 €	17 DIAS	532,40 €	27 DIAS	633,60 €
8 DIAS	352 €	18 DIAS	545,60 €	28 DIAS	642,40 €
9 DIAS	396 €	19 DIAS	558,80 €	29 DIAS	651,20 €
10 DIAS	440 €	20 DIAS	572,00 €	30 DIAS	660,00 €

PREZOS PARA OS APARTAMENTOS MEDIANOS					
1 DIA	50 €	11 DIAS	515 €	21 DIAS	660 €
2 DIAS	100 €	12 DIAS	530 €	22 DIAS	670 €
3 DIAS	150 €	13 DIAS	545 €	23 DIAS	680 €
4 DIAS	200 €	14 DIAS	560 €	24 DIAS	690 €
5 DIAS	250 €	15 DIAS	575 €	25 DIAS	700 €
6 DIAS	300 €	16 DIAS	590 €	26 DIAS	710 €
7 DIAS	350 €	17 DIAS	605 €	27 DIAS	720 €
8 DIAS	400 €	18 DIAS	620 €	28 DIAS	730 €
9 DIAS	450 €	19 DIAS	635 €	29 DIAS	740 €
10 DIAS	500 €	20 DIAS	650 €	30 DIAS	750 €

PREZOS PARA OS APARTAMENTOS GRANDES					
1 DIA	61 €	11 DIAS	628,30 €	21 DIAS	805,20 €
2 DIAS	122 €	12 DIAS	646,60 €	22 DIAS	817,40 €
3 DIAS	183 €	13 DIAS	664,90 €	23 DIAS	829,60 €
4 DIAS	244 €	14 DIAS	683,20 €	24 DIAS	841,80 €
5 DIAS	305 €	15 DIAS	701,50 €	25 DIAS	854,00 €
6 DIAS	366 €	16 DIAS	719,80 €	26 DIAS	866,20 €
7 DIAS	427 €	17 DIAS	738,10 €	27 DIAS	878,40 €
8 DIAS	488 €	18 DIAS	756,40 €	28 DIAS	890,60 €
9 DIAS	549 €	19 DIAS	774,70 €	29 DIAS	902,80 €
10 DIAS	610 €	20 DIAS	793,00 €	30 DIAS	915,00 €

A estes prezos hai que engadirle o **7% do IVE**

### 3. PREZOS POR DÍA PARA O ESTUDANTADO EN CONGRESOS ORGANIZADOS POLA USC

Aplicáselles estes prezos as asociacións estudantís e ao estudantado que esté matriculado en estudos conducentes á obtención de titulacións de grao ou de posgrao e CAP ou equivalente, tanto se organizan congresos como se participan neles.

Cuarto individual	Cuarto dobre
12€	20€

A estes prezos hai que engadirlle o **7 % do IVE**